

FESTAS DA XUNQUEIRA EN CEE

Cee en festas: A Xunqueira é un sentimento

A alcaldesa de Cee, Margot Lamela, agarda que do 13 ao 17 de agosto sexan “días cheos de felicidade”

B. C. [CEE]

As Festas da Xunqueira e San Roque 2024 chegan á Cee do 13 ao 17 de agosto. Cinco días de música, fogos de artificio e moitos xogos. “A Xunqueira é un sentimento, algo que levamos dun xeito especial ao longo das nosas vidas”, expresa a alcaldesa de Cee, Margot Lamela.

“O 15 de agosto de 2023 celebramos as primeiras festas en honor a nosa Xunqueira xa coroadada, unhas festas que quedaron marcadas na historia de Cee, cun recordo excepcional e único, o pre-

gón iniciador das mesmas por todos os Alcaldes da democracia desde 1979 ao 2019. Sei que dicir que as festas da Xunqueira son as mellores é algo moi categórico, pero ese sentimento de orgullo ceense non me deixa de latir á hora de facer valoracións”, continúa a rexedora, que agradece “á Asociación da Comisión de Festas da Xunqueira e aos seus colaboradores a súa organización, por facer despertar en nós esa ansia por estreitar roupa e zapatos ou por recuperar a ilusión daquela rapazada que tolea por subir ás atraccións”.

“Ver Cee, un ano máis, cheo de vida, marcado pola xuntanza con persoas queridas, familia, amigos e foráneos, é volver a respirar esa irresistible felicidade de vivir as festas da Xunqueira como se fose o maior evento do ano”, confesa,

con orgullo.

O pregoeiro destas festas é Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, persoeiro significativo que brilla con luz propia. “Párroco da parroquia de Xunqueira de Vilagarcía de Arousa, ademais de presidente da Fundación Galega contra o narcotráfico, leva impreso ese sentimento de arraigo con Cee”, conta Margot Lamela, e continúa: “Popularmente coñecido como o cura dos fulares, elixido para formar parte do libro 300 galegos con estilo, ao que se lle reconece o fei-

O PREGOEIRO DESTAS FESTAS É MANUEL ANTONIO COUCEIRO, CURA DA PARROQUIA DE XUNQUEIRA

to de conectar coa mocidade e que repite frases como ‘o que non se coñece non se pode amar’ é sinónimo de que o sacerdocio non é máis que outro estilo de vida”.

“Os fieis e non tan fieis que asisten aos actos litúrxicos son coñecedores dese sentimento de arraigo con Cee, iniciando o seu sacerdocio na parroquia da nosa Sra. da Xunqueira, para volver ano tras ano, e así durante máis de 25 —incluídos os anos de pandemia— a oficiar as misas e presidir as procesións nos días grandes das festas da Xunqueira”, remata a alcaldesa, que agarda que estes sexan “días cheos de felicidade”.



Presentación das Festas da Xunqueira e San Roque 2024 de Cee. // J.M. Ramos

larcee.com

Reforma y construcción sostenible

Baños - Cerámica - Construcción
Muebles Cocina - Electrodomésticos

Cee - 981 70 88 02

CARNICERÍA CHARCUTERÍA

Valentín

ESPECIALIDAD EN CARNES DE TERNERA, CERDO, POLLOS, CORDERO Y CHORIZOS CASEROS

As Travesas - Pereiriña CEE
Teléf.: 981 745 106 - Móvil: 610 605 060

María Lariño Ares

GESTORIA ADMINISTRATIVA

www.gestorialariñoares.com • marialarino_red@yahoo.es

Praza dos Xuncos nº 1 - 1º Izd • CEE (A Coruña) • Tlf/Fax: 981 745 898
Ara Solís, 13 - FISTERRA (A Coruña) • Móvil: 616 466 251

FESTAS DA XUNQUEIRA CEE

AGOSTO 2024

13 AGOSTO MARTES

21:30 H PREGON
Manuel Antonio Couceiro Cachaldora
BANDA DE GAITAS DE PARAMOS
(organizado polo Concello)

14 AGOSTO MÉRCORES

23:00 H VERBENA
AMÉRICA DE VIGO
FESTIVAL REMEMBER
XERACIÓN XERACIÓN

15 AGOSTO XOVES

PASARRÚAS CHARANCA O RUMBO
13:30 H SESIÓN VERMÚ
BANDA DE MÚSICA DE CEE
RITMO JOVEN
20:00 H CONCERTO
BANDA DE MÚSICA DE CEE
23:00 H VERBENA
GINEMA e RITMO JOVEN
00:00 H FOGOS ARTIFICIAIS

16 AGOSTO VENRES

PASARRÚAS CHARANCA PETA FORTE
13:30 H SESIÓN VERMÚ
BANDA DE M. SANTA CRUZ DE RIBADULLA
ORQUESTA EXTREMO
20:00 H CONCERTO
BANDA DE M. SANTA CRUZ DE RIBADULLA
23:00 H VERBENA
ORQUESTA EXTREMO LA MEGA CDC
00:00 H CONCERTO
NATALIA OPERACIÓN TRIUNFO!

17 AGOSTO SÁBADO

13:30 H MACRO SESIÓN VERMÚ
17:00 H NA ALAMEDA
XOGOS E ANIMACIÓNS PARA OS MÁIS PEQUENOS
23:00 H VERBENA
PANORAMA LA MEGA CDC

Sysdegal
SANIDADE AMBIENTAL

Control de pragas • Tratamentos de Carcoma e Termitas • Control de Legionella

Avda. Finisterre, 93 Baixo • 15270 Cee (A Coruña)
info@sysdegal.com • 981 745 242

Sysdegal
SANIDADE AMBIENTAL

GAS RADÓN
(MEDICIÓN E INFORMES)

653 921 196
radon@sysdegal.com

FESTAS DA XUNQUEIRA EN CEE

Fe e música na honra da Virxe da Xunqueira

Hoxe comezan cinco días de festa en Cee, cun Festival Remember e Natalia de OT

J. M. RAMOS [CEE]

Cee prepárase para gozar de cinco días de festa na honra á Virxe da Xunqueira (do 13 ao 17 de agosto), a patroa local. As celebracións comezan hoxe ás 21.30 horas co pregón a cargo de Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, párroco da Xunqueira de Vilagarcía e presidente da Fundación Galega contra o Narcotráfico, quen mantén unha estreita vinculación coa localidade.

Tras o pregón, a Banda de Gaitas de Paramos (Tui) ofrecerá un concerto. Unha agrupación que xa actuou nos últimos anos en Cee con gran éxito. En 2023, obsequiaron aos ceenses cunha peza que titularon *Adicado a Cee*.

O mércores, día 14, a verbena

será amenizada pola orquestra América de Vigo, cuxa música se verá complementada cun Festival Remember.

O xoves 15 será o día grande da Xunqueira. A charanga O Rumbo, de Sardiñeiro, encargárase dos pasacalles e a Banda de Música de Cee ofrecerá un dobre concerto ás 13.30 e 20.00 horas. Cinema e Ritmo Novo amenizarán a verbena. A medianoite, a música deixará de soar por uns minutos para que veciños e visitantes poidan gozar de fogos artificiais.

O día 16, festividade de San Roque, a charanga Peta Forte animará as rúas, xunto coa Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla, que actuará ás 13.30 e as 20.00 horas. A orquestra Extremo e a discoteca Mega CDC poñerán música á



Procesión da Virxe da Xunqueira polas rúas de Cee o pasado ano // Jorge Parri

verbena e, a medianoite, darán paso ao concerto central a cargo da artista Natalia, de Operación Trifunfo 1.

Os festexos concluirán o sábado, día 17, cunha macro sesión vermú, a partir das 13.30 horas e con xogos e actividades de animación para os máis pequenos ás

NAS VERBENAS:
AMÉRICA DE VIGO,
CINEMA, RITMO
JOVEN, EXTREMO,
PANORAMA E CDC

17.00 horas na Alameda. O broche poñerano a orquestra Panorama e A Mega CDC na verbena.

Con todo, a diversión en Cee continuará o domingo, día 18, cunha exhibición de baile a cargo do alumnado do Club Arte e Movemento. A cita é ás 20.00 horas na Praza da Constitución.



Xallas electricidade e aliaxes

COMPROMISO

con A COSTA DA MORTE

CENTRO COMERCIAL

FINIS TERRAE

Les desear a clientes y vecinos una Feliz Xunqueira